

Estimadas familias,

Como xa sabedes, o pasado 27 de abril foron publicadas as Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia ([Ligazón Instrucións Consellería de Educación](#)).

Segundo estas instrucións, o terceiro trimestre do presente curso académico (2019/2020) continuará a desenvolverse ata o día 19 de xuño (fin de calendario escolar establecido para o curso actual).

Por outro lado, estanse a anunciar unhas fases de desescalada das medidas de confinamento que de momento non son precisas e teremos que ir vendo a súa concreción ao longo dos meses de maio e xuño, no caso de poder volver ás aulas nalgún momento.

É por isto que seguiremos desenvolvendo actividades que permitan ao alumnado participar da aprendizaxe continua de modo non presencial a través da Aula Virtual ([Ligazón Aula Virtual](#)).

Neste momento, o profesorado está traballando en varios aspectos:

- Revisión das programacións didácticas para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe deste último trimestre nas actividades e competencias imprescindibles que debe ter o alumnado, en función da súa etapa. Isto debe ter en conta dous puntos:
 - Elaboración de actividades de recuperación, repaso e reforzo para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, e que lles axuden a adquirilas e superar a materia.
 - Proposta de actividades que permitan a ampliación das aprendizaxes anteriores, é dicir estableceranse os obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.
- Desenvolvemento da avaliación ordinaria do curso actual, que se fará valorando especialmente os resultados do 1º e 2º trimestre, así como como as actividades de recuperación, repaso e reforzo das mesmas. A avaliación das aprendizaxes durante o tempo non presencial, será complementaria e só poderá ter un valor positivo para a cualificación do alumnado.
- Elaboración e adaptación das programacións para o vindeiro curso 2020-2021, que deben contemplar, de modo excepcional, as aprendizaxes consideradas imprescindibles para o alumnado e que non foron adquiridas o pasado curso.

Na medida en que se concrete con máis detalle todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe, avaliación ou evolución das fases de desescalada, seguiremos informándovos.

Grazas pola vosa colaboración.

Equipo Directivo.